

**ACTA DA SESIÓN Nº 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE MONTAXE DE STANDS,
MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS
ACCESORIOS (REF.: 6006/2009-01)**

DATA: 21 de abril de 2009

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Coordinador da área Comercial), Vogal
- D^a. Silvia Regal López (Coordinadora da área de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón (Responsable de Compras), Secretario

Como continuación á sesión nº 2 mantida o día 20 de abril procédese a nova reunión da comisión de contratación composta polos membros arriba indicados procedendo a apertura e estudio do sobre "B".

Procédese a examinar e analizar a documentación contida no sobre "B", coas correspondentes deliberacións dos membros da mesa e tendo en consideración as explicacións técnicas de D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos).

De forma individualizada procédese a votación de cada unha das ofertas, resultando as seguintes puntuacións medias:

Empresa Licitadora	15.2 Medios pessoais e técnicos (ata 40 puntos)	15.3 Memoria técnica de operatividade e acuacións (ata 10 puntos)	TOTAL VALORACION SOBRE "B" (ata 50 puntos)
Perspectiva y Gestión Ferial, S.L.	23.40	8.80	32.20
M ^a Dolores Martinez-Vara de Rey, S.A. (MARVA)	40.00	7.80	47.80
Jet Stand. Montagem Stands Feiras Exposiçoes, LTD.	28.20	0.00	28.20
Maxistands Nuevo Diseño, S.L.L.	16.00	0.00	16.00

Detéctase que por un suposto erro, a oferta económica da ofertante "Perspectiva y Gestión Ferial, S.L." está contida no sobre "B", e non en sobre pechado independente. Valorarase na apertura da oferta económica a súa posible exclusión.


Acordase por unanimidade dos membros da mesa considerar a adxudicación por lotes, con un primeiro lote para os montaxes de carpas exteriores (sendo grata a oferta técnica de Jet Stand) e un segundo lote para o resto dos servizos.

Tamén se acorda por unanimidade dos membros da mesa non adxudicar o apartado 11 do prego de prescricións técnicas (Stand de Diseño). Para as demandas de este servizo se solicitará proposta ós catro ofertantes, adxudicándose en cada caso a proposta aceptada polo cliente.

Así mesmo, procédese a determinar a data na que se levará a cabo o acto público para a apertura dos sobres "C", que se fixa para o día **29 de abril de 2009, ás 10:00 horas** nas Oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia.


E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende




Presidente

D. Carlos Mato Montoto



Vogal

D. Miguel Sánchez Varela



Vogal

D^a. Silvia Regal López



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario